



A/A DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA

Luz López Pérez, **en representación das organizacións sindicais CCOO, ANPE e UGT-SP**, con enderezo a efectos de notificación na Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8, 15.707, Santiago de Compostela, ou no enderezo electrónico luzlopez@galicia.ccoo.es por medio do presente escrito

DI:

Por Resolución de 14 de novembro de 2022, da Secretaria de Estado de Función Pública, publícase o «Acuerdo Marco para una Administración del siglo XXI», publicado no BOE 17 de novembro de 2022.

A exposición de motivos de dito Acordo establece que é imprescindible acometer agora a recuperación dos dereitos que foron recortados en 2012, á vez que se potencian os elementos esenciais que deben conformar unha Administración para o século XXI, acorde coas necesidades e potencialidades da sociedade española actual.

Entre estas medidas, o apartado segundo do Acordo sinala que *“cada Administración Pública, no exercicio das súas competencias de autoorganización, establece, previa negociación colectiva na mesa ou órgano que corresponda, unha xornada de 35 horas semanais para o personal ao seu servizo e ao do seu sector público institucional”*.

Por todo isto **SOLICITA:**

Unha xuntanza para negociar a implantación da xornada laboral de 35 horas semanais en aplicación do *“Acordo Marco para unha Administración do século XXI”* en Galicia.

En Santiago de Compostela a 10 de outubro de 2023.

Asdo.: Lúz López Pérez